

Os ríos son correntes continuas de auga que flúen ao longo dun leito, desde terras altas a outras máis baixas,. Augas que van parar ao mar, lago ou outro río.

Vocabulario sobre os ríos:

- Caudal:** cantidade de auga que circula polo leito.
- Leito:** Lugar por onde flúe a auga dun río.
- Curso:** percorrido que segue o río (alto, medio e baixo)
- Sistema fluvial:** Está formado polo río e os seus afluentes.
- Conca fluvial** ou hidrográfica: superficie por onde discorre un sistema fluvial.
- Arroio:** corrente de auga con escaso caudal e intermitente.
- Val fluvial:** val orixinado por un río.

Estiaxe: nivel máis baixo dun río. Cando leva moi pouca auga.

Meandros. Curvas no trazado dun río.

Fervenzas : desniveis pronunciados nun río.

Nos ríos podemos distinguir tres cursos ou tramos:

Curso alto: desde o seu nacemento e os primeiros tramos (zona de maior pendente, a auga baixa a gran velocidade con gran capacidade de erosión).

Curso medio: o terreo presenta menor pendente, as augas flúen mais amodo. A miúdo fórmanse curvas ou meandros para que o río poida sortear os obstáculos que se lle presentan.

Curso baixo: é o tramo final do río, acaba na desembocadura, o río perde a súa capacidade erosiva e vai depositando no mar os materiais que foi arrastrando. Na desembocadura dos ríos poden formarse **un delta** (formado pola acumulación de materiais, a súa forma é a miúdo de abanico), ou **esteiros** (orixínase polas fortes mareas, a auga do mar a miúdo entra na desembocadura do río e a auga doce chega a mesturarse coa auga salgada).

